



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de novembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez , Don José Prieto Pérez (non asiste) e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 31 de outubro de dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS SCV/S/22/09.-

“Visto o escrito de Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez, onde solicita Licenza de Obras que consisten na reforma de vivenda unifamiliar, segundo Proxecto Básico e de execución que se presenta.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 2 de novembro de 2011 no que se conclue o seguinte:

“En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada”.

Visto o Informe Xurídico de data 04 de novembro de 2011 no que se conclue o seguinte:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Conceder licencia para reforma de vivenda unifamiliar a **Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez.**

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Reforma de vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 47.680,19 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Grande nº15, San Cristovo.

Redactor do proxecto: Don Enrique Otero González.

Dirección da execución das obras: Don Alberto Rodríguez Rodríguez.

Nome ou razón social do promotor: María del Rosario Rodríguez Vázquez.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ascende a 47.680,19 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 1.239,68 € a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	47.680,19 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	1.239,68 €	
Aboado por autoliquidación:		
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	1.239,68 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 2 de novembro de 2011:

“En canto á cor a utilizar na pintura do paramento enfoscado e na carpintería en planta baixa, realizaranse PROBAS DE COR que se comunicaran ás técnicas da Oficina de Rehabilitación para a súa supervisión. Elimínarase o aplacado de pedra na zona esquerda da planta baixa”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **DONA LUCILA MONTERO REGUEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Joaquín Costa nº 60, 4º B, en Pontevedra, con número de rexistro de entrada 3236. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 03.11.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Maquiáns s/n, en Ribadavia, (Ref. Catastral 0732402NG7802N0001WB), a solicitude de **DONA LUCILA MONTERO REGUEIRO**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **DON SERAFÍN GÓMEZ FARIÑA**, con domicilio a efectos de notificación na Estrada Castrelo nº 37, en San Paio, con número de rexistro de entrada 3548. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 03.11.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito No Lugar Santa Cristina, en Ribadavia, (Ref. Catastral 32070A042000020000YI), a solicitude de **DON SERAFÍN GÓMEZ FARIÑA**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

CUALIFICACIÓN PROVISIONAL.-



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

“Vista a solicitude de **Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez**, con domicilio na Rúa Tercio de Afora nº 5, P-1, en Vigo, no que solicita subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Antigo de San Cristovo na Rúa Grande nº 15, en San Cristovo, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de Rehabilitación do Casco Antigo de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

1.- “Visto o expediente a nome de **DONA MARÍA GARDOQUI LEGORBURU en repres. de SE MESMA E GAIZKA, BEATRIZ E M^a CARMEN TELLERÍA RODRÍGUEZ**, con domicilio na Rúa San Juan nº 4, 1º A, en Oñate, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Porta Nova de Arriba nº 16, desta Vila.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

2.- “Visto o expediente a nome de **DON GONZALO DAVILA RECASENS**, con domicilio na Rúa San Martiño nº 37, desta Vila, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Rúa San Martiño nº 37, desta Vila.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

3.- “Visto o expediente a nome de **DON ADOLFO LORENZO FERNÁNDEZ**, con domicilio na Praza García Boente nº 3, desta Vila, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Praza García Boente nº 3, desta Vila.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Vivenda por importe de 6.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

4.- “Visto o expediente a nome de **DONA OROSIA TOUZA RODRÍGUEZ**, con domicilio na Rúa Salgado Moscoso nº 16, 2º, desta Vila, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Rúa Salgado Moscoso nº 16, 2º, desta Vila.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

5.- “Visto o expediente a nome de **DON CARLOS DOMÍNGUEZ GARCÍA**, con domicilio na Rúa Alcalde Liaño Flores nº 4, Portal 3, 12º D, en A Coruña, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, no inmovible sito na Rúa Freás nº 7, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

6.- “Visto o expediente a nome de **DONA ISABEL ALFARO LOSADA na súa representación JULIA RODRÍGUEZ ALFARO**, con domicilio na Estrada OU-504 nº 118, en San Cristovo, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, no inmovible sito na Estrada OU-504 nº 118, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

7.- “Visto o expediente a nome de **DON JOSÉ BENITO ÁLVAREZ PÉREZ**, con domicilio na Estrada OU-504 nº 128, en San Cristovo, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, no inmovible sito na Estrada OU-504 nº 128, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

8.- “Visto o expediente a nome de **DON JOSÉ BENITO ÁLVAREZ PÉREZ en repres. de JACINTA PÉREZ LÓPEZ**, con domicilio na Estrada OU-504 nº 128, en San Cristovo, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, no inmovible sito na Estrada OU-504 nº 112, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

9.- “Visto o expediente a nome de **DON JOAQUÍN FERNÁNDEZ DEAÑO**, con domicilio na Rúa Moreiras nº 22, en San Cristovo, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, no inmovible sito na Rúa Moreiras nº 22, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

10.- “Visto o expediente a nome de **DONA BERILDE SENDÍN MOLDES**, con domicilio na Rúa Pequena nº 3, en San Cristovo, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, no inmovible sito na Rúa Pequena nº 3, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Medio Rural, Departamento Territorial con data RE 31 de outubro de 2011 N° RE 5153, relativo a remisión dun exemplar do proxecto modificado de “Mellora de vías e obras complementarias para o remate da Z.C.P. de Santo André de Camporredondo (Ribadavia-Ourense)”; X-10.624.
2. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 31 de outubro de 2011 N° RE 5152, relativa a adxudicación da obra “Campo de Fútbol de Hierba Artificial”.
3. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 31 de outubro de 2011 N° RE 5158, relativa a “Expediente de aproveitamento de 0,33 l/s de agua procedente del regato da Rega en Prexigueiro, en el término municipal de Ribadavia (Ourense), con destino abastecimiento de población.
4. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 2 de novembro de 2011 N° RE 5179, relativa a “Expediente sancionador incoado contra Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A., Ayuntamiento de Ribadavia por “Incumplimiento de las condiciones establecidas en la autorización V/32/00120, otorgada por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 19/06/1998 en Francelos”, en el término municipal de Ribadavia (Ourense)”.
5. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 2 de novembro de 2011 N° RE 5183, relativa a “Expediente de autorización para las obras de reparación de un muro y de un galpón en zona de policía de la margen derecha del río Avia, en Ferreiros,, término municipal de Ribadavia (Ourense)”.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUD DE SUBVENCION.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse a Resolución do 2 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011, no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ao abeiro do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013. Así mesmo por unanimidade comprométese a realizara a actividade pola que solicita a subvención no caso de obtela..

Mellora do alumeadado público na parroquia de Francelos.

Habéndose advertido un erro no acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 28 de de setembro de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda correxi-lo quedando o mesmo do seguinte xeito:

“NOMEAMENTO DE AVOGADO E PROCURADOR.-

Vista a Resolución da Dirección Xeral de Orzamentos de data 22.08.2011, relativa a retención de fondos do Fondo de Cooperación Local (F.C.L.) por débedas coa Mancomunidade dos Concellos do Ribeiro, por unanimidade dos presentes, a Xunta de Goberno Local, acorda:

- 1º.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o citado acordo.
- 2º.-Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado don Angel Pazos Huete e o Procurador Don Javier Garayzabal Garcia de los Reyes.
- 3º.- Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.”

Habéndose advertido un erro no acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de de outubro de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda correxi-lo quedando o mesmo do seguinte xeito:

APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio de Entrada de Vehículos a traves das beirarúas, por importe de 11.878,61 euros.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.